

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, SOCIEDADE ANÓNIMA

Por acordo do Consello de Administración da Sociedade, convócase Xunta Xeral Ordinaria de Accionistas, no domicilio social de San Cibrao das Viñas (Ourense), Parque Tecnolóxico de Galicia, en primeira convocatoria o próximo día 15 de xuño ás dez horas, e en segunda convocatoria, á mesma hora e lugar, o día 16 de xuño de 2016, co obxecto de deliberar e resolver sobre os seguintes asuntos:

ORDE DO DÍA

Primeiro.- Aprobación, se procede, da xestión social realizada polo Consello de Administración durante o exercicio 2015.

Segundo.- Exame e aprobación, no seu caso, das contas anuais correspondentes ao exercicio do 2015.

Terceiro.- Aplicación do resultado obtido no exercicio do 2015.

Cuarto.- Exame e aprobación, se procede, da modificación dos artigos 11º, 13º, 15º, 17º e 18º dos Estatutos Sociais.

Quinto.- Cesamento e nomeamento de Conselleiros do Consello de Administración, se procede.

Sexto.- Autorización ós membros do Consello de Administración para que poidan adicarse, por conta propia ou allea, ó mesmo, análogo ou complementario xénero de actividade que constitúe o obxecto social da Sociedade, se procede.

Sétimo.- Concesión de facultades para elevar a públicos os acordos que se tomen.

Oitavo.- Rogos e preguntas.

Noveno.- Redacción e aprobación, se é o caso, da Acta da Xunta e/ou designación de interventores para a súa aprobación.

Faise constar expresamente o dereito dos accionistas da Sociedade, de conformidade co establecido no artigo 272 da Lei de Sociedades de Capital, de examinar no domicilio social os documentos sometidos á aprobación da Xunta. Os accionistas terán dereito á entrega ou envío gratuito de tódolos documentos mencionados.

Igualmente, comunicase ós señores accionistas, en virtude do previsto no artigo 197 da Lei de Sociedades de Capital, o dereito que lles asiste a solicitar con anterioridade á celebración da Xunta, os informes e aclaracións que estimen precisos sobre os asuntos comprendidos na Orde do día ou formular por escrito as preguntas que estimen pertinentes ata o sétimo día anterior o previsto para a celebración da Xunta.

Así mesmo, en cumprimento do previsto no artigo 287 da Lei de Sociedades de Capital, infórmase de que a partir da presente convocatoria, os señores accionistas terán dereito a examinar no domicilio social o informe elaborado polo Consello de Administración da Sociedade que contén o texto integro da modificación estatutaria proposta así como a xustificación da mesma, podendo pedir a entrega ou o envío gratuito do devandito documento.

Finalmente, infórmase aos señores accionistas que, por experiencia de ocasións anteriores, a Xunta celebrárase probablemente en segunda convocatoria.

En San Cibrao das Viñas (Ourense), a 10 de maio de 2016.

O Vicepresidente do Consello de Administración, D. Manuel Antonio Varela Rey, Representante persoa física de Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

